

PROXECTO “A VOLTAS POR GALICIA”

CURSO: 2º DE PRIMARIA

Este proxecto foi realizado polo alumnado de 2º de primaria do CEIP O Coto no curso 2018/2019. Este curso o nivel estaba composto por 3 aulas con un total de 54 alumnos.

Rematamos o curso pasado co PDI na Biblioteca “A voltas por Galicia” no punto de mira para o seguinte curso e tomando xa decisións no mes de xuño, coma a de prescindir do libro de texto na área de Ciencias Sociais e Matemáticas.

Decidimos entón darlle un enfoque a área na que o currículo xiraría en torno a Galicia.

Puxémonos mans o obra, e botando man do currículo, empezamos a esbozar o que sería o proxecto para a área de CS na que o eixo sería o proxecto da biblioteca, do que partiríamos para ir concretando os distintos contidos que conforman o currículo.

Para isto redactamos os obxectivos xerais do noso proxecto:

- ◆ Utilizar diferentes fontes de información directas e indirectas ou a través das TIC .
- ◆ Practicar distintas formas de agrupamento, traballo e reflexión sobre a aprendizaxe no desenvolvemento dos contidos do proxecto.
- ◆ Coñecer o medio natural galego.
- ◆ Aprender a organización social de Galicia.
- ◆ Identificar os medios de comunicación e de transporte de Galicia e o seu papel na vida das persoas.
- ◆ Manexar distintos procedementos de organización do tempo.
- ◆ Situar as distintas etapas da historia dos seres humanos así como os obxectos que se utilizaban nelas.

- ◆ Valorar a cultura, a historia e o patrimonio cultural galego coma unha forma de coñecemento e ocio persoal.
- ◆ Coñecer as manifestacións culturais e as obras máis representativas do patrimonio cultural galego.
- ◆ Manexar as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade.

O desenvolvemento das tarefas deseñadas achegaríanos a desenvolver as seguintes competencias:

Comunicación lingüística: lectura, busca de información, produción de textos, exposicións orais.

Ciencias , matemáticas e tecnoloxía. Realización de medicións, cálculos, gráficos.

Dixitais: busca de información na rede, fotografía.

Sociais e cívicas: fomentando o traballo en equipo.

Conciencia e expresións culturais. Coñecendo e respectando o noso patrimonio.

Aprender a aprender: buscando e seleccionando información.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. A través das achegas ao grupo e do deseño de propostas.

Ademais da área de CS o proxecto implica a outras áreas como Ed plástica (traballando distintas actividades plásticas propostas pola biblioteca), lingua(texto informativo, exposicións orais), matemáticas (gráficos, lonxitudes, distancias, poboación) CN (fauna e flora, parques naturais) ...

Deseñáronse distintas tarefas integradas ao longo do curso para chegar ao produto final ao que adicaremos todo o 3º trimestre. O produto final será a guía de viaxe “ A voltas por Galicia” na que partiremos da achegas de fotografías de lugares de Galicia que visitase o noso alumnado.

Paralelamente elaboraremos un pequeno libro coa información máis relevante sobre Galicia a nivel xeográfico, demográfico e cultural.

PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN

TEMPORALIZACIÓN	CONTIDOS	TAREFAS	ACTIVIDADES	PRODUCTOS
SETEMBRO	Ideas previas	Que sabemos sobre Galicia?	Traer fotografías de lugares e localizalos no mapa	Mural mapa de Galicia
1º TRIMESTRE	Localización de Galicia. División en provincias. Os límites. Os símbolos. Os museos.	Uso de mapas para localizar Galicia e a división en provincias. Que rodea Galicia? O escudo, a bandeira, o himno. Museos de Galicia	Localizar a Galicia en distintos mapas, e na rede. Localizar as provincias galegas. Localizar os límites, mares outras comunidades e países. Buscar información sobre os museos coruñeses que imos visitar.	Fichas do libro.

			Tipos de museos.	
2º trimestre	Os ríos Os montes Espazos naturais protexidos. Medios de transporte. Medios de comunicación. Rosalía de Castro. O entroido Mulleres galegas.	Recoñecer as diferenzas entre auga doce e auga salgada analizando os usos que o ser humano fai dela. Observar e localizar en mapas lugares nos que hai auga. Os montes e os ecosistemas. Que é un espaxo natural? O tren, o avión , o barco, autobús, autopista. Semana da prensa:A prensa escrita, a radio e a tv. Medios de comunicación galegos Día de Rosalía	Localizar e colorear nun mapa os mares e ríos de Galicia. Localizar nun mapa as montañas e os espazos naturais protexidos. O meu poema favorito de Rosalía (actividade biblioteca) O entroido. Investigación sobre os entroidos típicos de Galicia. Semana da prensa. Medios de comunicación galegos.	Fichas para o libro. Poema de Roslái para mural. Mural sobre mulleres galegas. Mural sbre os distintos entroidos de galicia.

		O entroido como expresión cultural. Mulleres galegas, mulleres de bandeira Museo do Pobo Galego	Mulleres galegas (biblioteca) visita ao museo e a capital de Galicia co libro “ Sar, Sarela e os monstros de Compostela	
3º trimestre	Turismo. Patrimonio. Xentilicios. Museo etnográfico. Luis Seoane. Letras galegas.	Busca de información sobre distintas localidades para a guía turística. Os Bolechas visitan o museo etnográfico “ A casa do patrón”. Visionado de cadros de Luis Seoane e a súa biografía . Elaboración de contos populares galegos. Visita Rosalía Morlán	Buscar na rede información sobre as localidades escollidas e encher a ficha de recollida de datos. Visita a casa do patrón. Elaboración dun cadro de Luis seoane (biblioteca) Escolla de contos populares recollidos por Antonio Fraguas	Guía turística. Vídeos sobre os contos.

		(biblioteca)	e ilustración dos mesmos.	
--	--	---------------	------------------------------	--

Acordamos de realizar unha visita por trimestre que estivese relacionada co proxecto.

1º trimestre: excursión a cidade de A Coruña para visitar os museos e o Aquarium.

Aproveitaremos para traballar os tipos de museos e a cidade de a Coruña coa torre de Hércules a fronte como parte do noso patrimonio.

2º trimestre: excursión a cidade de Santiago visitando o Museo do Pobo Galego e recorrendo despois a zona vella visitando a praza do Obradoiro, a Catedral a Quintana e as gárgolas.

3º trimestre: Visita ao museo etnográfico Casa do Patrón. Aproveitamos esta visita para introducir a historia de Galicia, como vivían os antepasados e despois comprobar in situ o que traballamos na aula.

Unha vez fixado o traballo para o longo do curso o seguinte paso foi a busca de bibliografía e de recursos web que nos axudasen na elaboración do proxecto. Dado a curta idade do noso alumnado serviunos de gran axuda todas as guías de “ Os Bolechas” editadas sobre Galicia xa que o vocabulario e o formato adáptanse a idade do noso alumnado, iso sen contar que tampouco hai moito máis ao que botarlle a man.

DOCUMENTACIÓN ELABORADA:

Cada alumno elaborou un libriño coa información máis relevante recollida sobre Galicia.

Unha vez buscada e seleccionada a información o grupo decidía que íamos incluír no libro redactando entre todos a lenda que a ía acompañar.

Tamén elaboramos a guía de viaxe, o noso produto final estrela. Entre todos decidimos que información incluíramos o que a eles lles parecía máis importante coñecer sobre un sitio cando o ían visitalo.

Ademais disto realizáronse distintas actividades propostas pola biblioteca: Día de Rosalía, Mulleres galegas (Begoña Vila, Emilia Pardo Bazán, Elisa Patiño Meléndez)

Día da poesía (poetas galegas Rosalía Morlan, Yolanda Castaño María Canosa) aproveitando os recursos que nos brindaba a biblioteca.

No entroido buscamos información sobre os distintos entroidos de Galicia localizando nun mapa as localidades e elaborando un mural coa información recollida.

Participamos no Día das Artes Galegas gabando a figura de Luis Seoane e representando os cadros “Mar picado e lúa”, Bodegón de peces” e “ El árbol”

Ademais elaborouse un traballo sobre os hórreos e os inventos galegos que se incluíron na revista escolar.

Para conmemorar as Letras Galegas ilustramos dous contos recollidos por Antonio Fraguas os que puxemos voz e editamos en vídeo.



A bandeira de Galicia



A bandeira oficial de Galicia ten dúas cores
branca e azul. Ten a súa orixe na emblema
A actual bandeira naceu no século XIX. A
fíxose oficial na comunidade no ano 1981,
da aprobación do estatuto de autonomía

A VOZ DAS POR GALICIA

-  AEROPORTO.
-  ESTACIÓN DE TREN.
-  PORTO.



RECURSOS E FONTES CONSULTADAS:

Utilizamos moito material aportado polo alumnado como guías que eles recollían nos lugares que visitaban. Ademais buscamos información sobre os lugares na biblioteca pero temos que dicir que non hai demasiada bibliografía para primeiros lectores, salvo as guías dos Bolechas e moitas delas están fora de catálogo e non son doadas de conseguir. Utilizamos recursos web, sobre todo as páxinas dos concellos que estudamos e a extensión da Wikipedia, Galipedia, onde atopamos ampla información xeográfica sobre os distintos concellos. Ademais utilizamos todos os libros dos que dispoñiamos na biblioteca.

Sar, Sarela e os monstros de Compostela. *López-Barxas, Paco*

Canta a lúa coas estrelas. *Morlán, Rosalía*

Estrelas de azucre. *Morlán, Rosalía*

O dragón Antón e o sapo Rosendo. *Morlán, Rosalía*

Acuario 1,2. *Canosa, María*

Verdades. *Castaño, Yolanda*

Coller as rendas. *Castaño, Yolanda.*

Mulleres bravas da nosa historia. *Rosalía de Castro.*

Os Bolechas. *Carreiro, Pepe.* Algúns títulos:

Luis Seoane.

Antonio Fraguas.

Rosalía de Castro.

Viaxe en globo polas illas Atlánticas.

Feira do cocido de Lalín.

A orixe dos nomes dos lugares.

Como é o noso patrimonio cultural.

Museo etnográfico Casa do patrón.

Como recursos dixitais utilizamos os ordenadores das aulas, aula de informática, tabletas ordenadores e cámara da biblioteca, pizarra dixital, cámara fotográfica e gravadora.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

As familias do noso alumnado colaboraron activamente ca achega de fotos e información sobre os lugares que visitaban. Tamén colaboraron na realización do traballo dos hórreos aportando fotografías e datos curiosos.

O resto da comunidade escolar foi participe na exposición do proxecto, gabando o bo traballo realizado. A ANPA fixonos chegar as súas felicitacións a través de algún dos seus membros.

O resultado do proxecto pode verse no blog da biblioteca <http://bibliocoto.blogspot.com/> .

AVALIACIÓN

O profesorado avaliou o grado de consecución dos obxectivos propostos e a nosa práctica educativa. Chegamos a conclusión de que o proxecto foi moi proveitoso pero a medida que se ía desenvolvendo aparecían novos aspectos polo que tiñamos que volver a centrarnos no establecido a principio de curso, pois o tempo é limitado e non podemos tratar todo o que nos gustaría.

Para avaliar ao alumnado tivemos en conta os estándares seleccionados e utilizamos para a súa avaliación diferentes instrumentos: grao de implicación e rúbricas elaboradas para os distintos traballos.

4. RÚBRICA DE AUTONOMÍA E IMPLICACIÓN NA APRENDIZAXE

	4	3	2	1
Autonomía no traballo	Realiza as actividades por si só con determinación sen desviar a atención.	Realiza as actividades por si só con determinación aínda que se distrae en ocasións.	Titubea na realización das actividades formuladas e manifesta certa inseguridade.	Só traballa cando se lle reclama e chámase a atención.
Gusto polo traballo ben feito	Esfórzase por realizar correctamente a tarefa poñendo atención a todos os aspectos marcados.	Mostra interese por realizar correctamente a tarefa aínda que non ten en conta os aspectos marcados.	Corre para rematar rapidamente sen ter en conta os aspectos marcados para a realización correcta da tarefa.	Non mostra interese nin gusto por facer as cousas correctamente.
Compromiso coa tarefa	Mantense concentrado ata rematar a tarefa por completo.	Distráese en ocasións durante a realización das tarefas.	Hai que chamarlle a atención para que traballe continuamente.	Móstrase distraído e non ten interese en rematar a tarefa.
Actitude ante a tarefa	Móstrase positivo e con ganas de realizar as tarefas.	Móstrase positivo aínda que non presenta demasiado entusiasmo na realización das tarefas.	Ten unha actitude normal ante a tarefa.	A súa actitude ante a tarefa é de rexeitamento e sen entusiasmo.

7. REXISTRO E FIABILIDADE NO USO DE FONTES DE INFORMACIÓN

	FONTE 1	FONTE 2	FONTE 3	FONTE 4
Nome da fonte onde buscaches a información				
Hai moito que se publicou?				
Autores				
Conclusión: Cres que é unha boa fonte?	<p>MEDIOS DE COMUNICACIÓN</p> <p>ANÁLISE DO XEITO GUIADO</p> <p>ANALIZA DE XEITO GUIADO INFORMACIÓN RELACIONADAS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.</p> <p>EXPLICA DE XEITO RAZOADO CANDO UN MEDIO DE COMUNICACIÓN É INDIVIDUAL OU COLECTIVO.</p> <p>RECOÑECE AS CARACTERÍSTICAS DA COMUNICACIÓN POLA RADIO, A TELEVISIÓN E A PRENSA.</p> <p>EXPRESA POR ESCRITO AS SUAS PREFERENCIAS RELACIONADAS COA TELEVISIÓN E A PRENSA.</p> <p>ESCRIBE UN TEXTO CURTO INICIANDO UNHA NOTICIA DE PRENSA.</p> <p>IDENTIFICA E UTILIZA FORMAS DE COMUNICACIÓN RELACIONADAS CON INTERNET.</p> <p>ESCRIBE UNHA MENSAXE PARA UN AMIGO UTILIZANDO O FORMATO DO CORREO ELECTRÓNICO.</p> <p>RECOÑECE AS MENSAXES PUBLICITARIAS PRESENTES NOS DISTINTOS MEDIOS.</p> <p>PRODUCE TEXTOS E DEBUXOS RELACIONADOS COA PUBLICIDADE.</p>			
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				

FUNCIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca escolar, conxuntamente cos outros equipos, propuxeron un PDI sobre Galicia con actividades estendidas ao longo do curso, relacionadas coas distintas conmemoracións as que fai referencia o calendario escolar. A biblioteca proporcionounos libros para o proxecto cos que o noso alumnado podía buscar información sobre distintos temas relacionados con Galicia.

Ademais brindounos a oportunidade de falar con Rosalía Morlán e de expoñer o noso traballos a outros grupos que estaban interesados.

Puidemos ademais utilizar as tabletas e os ordenadores, polo que puidemos traballar máis autonomamente sen depender da aula de informática, moi demandada debido ao volume do centro.

Negreira, 5 de xullo de 2019.